

Unha achega sobre a lingua croata e a súa relación co serbio no contexto do acceso á Unión Europea

Jairo Dorado Cadilla

Tradutor e Intérprete de croata
jairo.dorado@gmail.com



Resumo

A aceptación da lingua croata como unha lingua de seu, separada do serbocroata foi unha cuestión de división na comunidade lingüística. O estatus da República de Croacia como candidata á Unión Europea volveu a revivir este debate non só en Croacia, senón tamén en Serbia. Unha visión crítica da historia dos estándares conxuntos do serbio e do croata así como unha reflexión sobre o papel que a tradución e o uso da lingua ten en Croacia, debería facilitar unha achega máis obxectiva e ceibe das ideoloxías que situaban o uso e a oficialidade desta variedade na herdanza do ultranacionalismo presente antes, durante e tras o conflito bélico de 1991 a 1995. Tamén permitiría observar que o parecer de certos sectores da opinión pública con respecto ao valor identitario do uso da lingua semella, no caso croata, ao existen en linguas minorizadas nun contexto de conflito lingüístico, algo que pode resultar novidoso ao abeiro da «diversidade lingüística» que, aparentemente, defenden as institucións europeas coas linguas oficiais dos países membros.

Palabras clave: identidade; nacionalismo; estandarización; Iugoslavia; tradución.

Abstract

Accepting Croatian as a separate language on its own has been a dividing issue for linguists. The status of the Republic of Croatia as candidate country to join the European Union has brought this topic to the headlines not only in Croatia, but in Serbia too. A critical overview of the Serbian and Croatian languages common standards' history as well as a reflection on the role translation plays as well as the language usage present in Croatia should enable a more objective and ideology-free approach which labelled the usage and the official status of this variety as an outcome of the ultra nationalism ideologies present before, during and after the 1991-1995 conflict. It shall also enable to observe the attitude of some sectors of the Croatian public opinion regarding the identity values the language provides, strikingly similar, in our opinion, to those faced by minority languages in contexts of linguistic conflict; this might be a new situation within the apparent «linguistic diversity» approach defended by the European institutions with all the member states' official languages.

Keywords: nationalism; standardization; Yugoslavia; translation.

Sumario

- | | |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> 1. Introducción 2. Cara unha lingua común 3. O nacemento dunha lingua común 4. Confirmación e enfermidade da lingua común 5. Da disputa do léxico á «ruptura» definitiva | <ul style="list-style-type: none"> 6. Linguas diferentes, traducións diferentes ou estados diferentes, traducións diferentes? 7. Conclusións 8. Bibliografía |
|--|---|

1. Introducción

Existen unha serie de ideas preconcebidas que arrodean a temática post-iugoslava e que sempre aparecen repetidos de xeito constante polos medios ao tratar as cuestións de identidade, nacionalismo e guerra nos estados que xurdiron a comezos dos 90 do século pasado nos Balcáns Occidentais. Un destes preconceptos ten relación coa lingua ou linguas faladas na actualidade no que era Iugoslavia, especialmente nas repúblicas de Bosnia e Hercegovina, Croacia, Montenegro e Serbia. O serbocroata e os seus herdeiros (como os denomina M. Okuka) son case sempre o exemplo empregado para ilustrar o concepto de linguas por distanciamento ou de invencións culturais nacionalistas sen aportar unha sisuda explicación da realidade e do contexto histórico senón exemplos puramente estéticos: o serbio emprega o alfabeto cirílico, o croata o alfabeto latino e a guerra creou dúas linguas separadas.

É interesante saber que, aínda que exista una postura fechada e férrea no eido legal en cada país onde unha destas «herdeiras» se fala, —Croacia onde o croata é oficial, Serbia, onde o serbio é oficial, Montenegro onde o montenegrino é oficial e Bosnia e Hercegovina, onde o bosnio, o croata e o serbio son oficiais— é este un tema tamén que provoca non poucos debates a nivel popular e que, co achegamento á órbita da UE, rexurde e adoita entrar na actualidade política e cultural destes estados.

Non hai que afondar moito nas hemerotecas para observarmos como a cuestión de que lingua ha ser a oficial na UE ocupan titulares e columnas de opinión como cando non hai moito o goberno croata ofreceu de balde a Bosnia e Hercegovina, Montenegro e Serbia o acervo comunitario traducido ao croata para aforraren gastos de tradución, o que provocou non poucos comentarios nos medios serbios levando ao seu goberno a non «recoller» nun primeiro intre o agasallo, valorado en oito millóns de Euros.

Será imposible aquí —e está fóra non xa da nosa intención senón tamén da nosa capacidade— clarear e rematar unha disputa que vai alén da sociolingüística (e entrando no suxestivo e perigoso eido a identidade colectiva) pero procuraremos polo menos botar luz sobre unha serie de cuestións de interese sobre o devir que case con toda probabilidade á coller nos vindeiros anos as cuestións «prácticas» e «profesionais» con respecto a estas linguas.

2. Cara unha lingua común

A concepción da existencia dunha lingua común de croatas e serbios é máis recente do que moita xente se pode imaxinar e non foi un proceso que puidésemos definir como natural. A principios do século XIX, no territorio que hoxe é Croacia, existían catro variedades de lingua literaria —que se corresponden a groso modo con variedades dialectais aínda existentes— cunha puxante produción. No contexto do romanticismo, o pan-eslavismo imperante entre os pobos desa etnia no imperio Austro-Húngaro e máis concretamente na versión local do Ilirismo, xurdiu a noción dunha lingua común para os denominados eslavos do sur, os iugoslavos, que constituirían un só pobo cunha soa lingua. En Croacia esta ideoloxía callou e foi en 1836 cando se adoptou un dos dialectos (o falado arredor de Dubrovnik) como o alicerce da lingua común croata.

Os motivos para esta escolla son varios, pero principalmente a calidade da produción literaria nesta variedade nos últimos 300 anos, de fonda inspiración para o Romanticismo croata e a menor influencia do alemán no vernáculo do sur de Dalmacia (cómpre lembrar que daquela, a presenza do alemán en urbes como Zagreb era importante).

O contexto lingüístico era claro: en Croacia a presión das linguas máis poderosas do Impero, o alemán e o húngaro, levava a un rexurdimento semellante ao que, principalmente, o checo así como o eslovaco e o esloveno experimentaran noutras partes do Imperio e de feito, unha parte importante dos traballos lexicográficos das dúas primeiras serviran coma fonte de referencia para a *anovación* da lingua. Tanto é así, que a figura máis sobranceira na elaboración dunha lingua literaria común por parte dos croatas era Ljudovit Gaj que era do parecer que existían catro linguas eslavas principais: o ruso, o polaco, o *checo-slovaco* e o ilirio. Non era Gaj un lingüística á altura da súa capacidade como «publicitador» da ideoloxía ilirista pero hai que concederlle a honra da ser o creador dos alicerces do estándar croata moderno, a escolla dialectal de 1836, a defensa a puxanza dunha variedade común para os eslavos do sur e a reforma ortográfica.

Non é de estrañar, xa que logo, que alén dun interese ideolóxico para a creación dunha lingua común, existise un interese *político* por parte das autoridades imperiais para achegar os distintos pobos existentes nos Balcáns occidentais baixo un mesmo paraugas, sendo unha lingua común un primeiro chanzo: Bosnia e Hercegovina estaba aínda baixo dominio Otomán e Austria realizaría a súa anexión tras varias décadas de ocupación austro-húngara a comezos do século XX. Serbia era un reino recentemente independente cuxo alicerce cultural xurdira fóra das súas fronteiras (nunha zona do sur de Hungría coñecida como Voivódina) e as aspiracións de control destes territorios serían unha das causas do comezo da I Guerra Mundial.

3. O nacemento dunha lingua común

Foi así como en 1850 se asinou en Viena o chamado Acordo Literario no que se puñan as bases para unha lingua estándar común os «ilirios» do pensamento romántico da época.

Cómpre dicir, porén, que o contexto de desenvolvemento do «serbio» era fundamentalmente diferente. Como vimos de indicar, o croata partía de catro variedades «dialectais» con tradición literaria de seu, mentres que en Serbia a lingua empregada era o eslavo litúrxico, incomprendible para os leigos e sen produción alén da relixiosa.

Sería un serbio residente en Viena, Vuk Stefanović Karadžić, seguindo a iniciativa do anovador da lingua eslovena, que modernizaría a lingua serbia renovando o alfabeto e tomando como lingua de base as variedades faladas que recolleu das cantigas e lendas populares.

No acordo de Viena de 1850 tomouse como base para a lingua literaria común a variedade popular no canto de crear unha variedade artificiosa, o dialecto do sur de Dalmacia (o escollido polos croatas catorce anos antes) que viña sendo o dialecto empregado nas cantigas e lendas populares recollidas por Karadžić, principalmente no sur de Herzegovina; a escrita non sería etimolóxica senón fonética, postura que defendida maioritariamente en Croacia pero minoritaria e fortemente atacada en Serbia. Na cuestión relativa á escritura, o alfabeto de Karadžić ficaba como a forma escollida para os serbios mentres que o alfabeto latino cos diacríticos introducidos por Gaj sería para os croatas.

Como vimos dicindo, este acordo atopou reticencias tanto por parte dalgúns croatas (especialmente os que aspiraban a creación dunha variedade supradialectal como lingua literaria) como moi especialmente por parte dos serbios, tanto a igrexa (que se negaba a romper co pasado da lingua litúrxica) como as elites intelectuais (que prefería as variedades faladas nos centros urbanos serbios no canto dunha variedade rural).

Porén, o aspecto máis problemático deste acordo partía da inexistencia dun nome para a lingua. Por parte serbia, a lingua debería ser denominada serbio mentres que por parte croata, as opcións foron do máis variado, e en 1867 o parlamento croata (Sabor) elixiu en votación o termo «iugoslavo» (Goldsmith 1995: 79, Okuka 1998: 19, Greenberg 2008: 27). Porén, Viena indicou que o nome debía ser Ilirio-Serbio, termo que viña empregando dende 1849 e na que se debía redactar a *Reichsgesetzblattes* (Okuka 1998:19) nunha clara chiscadela de simpatía para os serbios e de ignorancia para os súbditos imperiais, os croatas.

A pesar de que en Serbia o acordo se aceptara parcialmente e se adaptara as súas demandas (de feito, a lingua seguía a ser denominada «serbio» e a variedade empregada era a de Belgrado) e de que dende Zagreb os traballos ían encamiñados cara a variedade común seguindo o pactado en 1850, a percepción global era a de unha lingua común.

As mudanzas políticas trala I Guerra Mundial fixeron que aparecese un novo estado sobre os territorios austro-húngaros e serbios nos Balcáns occidentais, denominado nun primeiro momento Reino dos Serbios, Croatas e Eslovenos (1918-1929) nos que non só as tensións inter-étnicas estiveron presentes, senón a cuestión da normativa lingüística. A mudanza da denominación do estado en Reino de Iugoslavia (1929-1941) non foi casual xa que implicou unha mudanza política: a concepción de que todos os habitantes do reino eran un só pobo (o pobo iugoslavo) cunha soa lingua común. Por primeira vez houbo un estándar oficial imposto (1931)

que se correspondía coa evolución da variedade serbia que partira da aplicación e aceptación que do acordo de Viena se fixera en Belgrado.

As tensións sobre o estándar lingüístico estiveron presentes nos constantes debates sobre a identidade nacional e certamente chegaron ao seu punto álxido en Croacia durante a independencia (1941-1945) no que o réxime fascista croata —en consonancia con outras políticas fascistas— levou o estándar croata alén do límite, suprimiu calquera solución léxica «impura» levando incluso a presentar unha escritura etimolóxica para a lingua que limpase a presenza de «serbismos» na lingua, ideoloxía esta común a doutros réximes totalitarios deste período.

4. Confirmación e enfermidade da lingua común

A creación dun novo estado trala II Guerra Mundial, nas súas diversas denominacións até a independencia de Croacia e Eslovenia en 1991, marcaron a aparición dun novo marco na regulamentación e normativización da lingua. En 1954 celebrouse o Acordo de Novi Sad que supuña unha «anovación» do acordo de Viena. Por primeira vez falábase de dúas variedades dunha lingua común a croatas, montenegrinos e serbios polo que as dúas pronunciacións e os dous alfabetos —que debían ser coñecidos por todos— serán igual de válidos, pero sobre todo por primeira vez existe, de xeito oficial, unha ortografía e un léxico especializado xurdido do consenso entre as institucións competentes (universidades, academias das linguas e das ciencias serbia e croata principalmente) que lle serán achegados os gobernos das repúblicas de Bosnia e Hercegovina, Croacia, Serbia e Montenegro. Pasaba de ser un acordo «informal» como fora o de Viena a ser un acordo con expectativas oficiais.

O máis importante é que se achegou un nome para a lingua solucionando a disputa de case un século. A lingua sería denominada en occidente croataserbio e en oriente serbocroata xa que debería incluír referencia ás dúas partes constituíntes.

O proceso de codificación tivo como froitos a aparición da ortografía conxunta en 1960, publicada de xeito simultáneo en dúas versións, unha no alfabeto latino e outra no alfabeto cirílico. A pesar de que existía o plan de editar un dicionario conxunto, este nunca chegou ao prelo xa que as relacións inter-étnicas e a situación política do estado comezaban a se deteriorar a finas dos anos 60 e comezo dos 70 do século pasado, cristalizando na chamada *Primavera Croata* de 1971 que implicaría unha serie de mudanzas constitucionais (1974) que pavimentaban o vello cara a desintegración e marcaría a ruptura *de facto* do acordo de Novi Sad.

A *Primavera Croata* (tamén coñecida como «Maspok») consistiu un movemento político que lle requiría ao estado central unha serie de mudanzas económicas e democráticas alén dunha maior autonomía de Croacia dentro de Iugoslavia. O punto inicial deste movemento foi un artigo publicado o 13 de marzo de 1967 no que denunciaba o retroceso no uso institucional da *lingua literaria croata* e apelaban a igualdade das catro linguas de Iugoslavia (esloveno, macedonio, croata e serbio) xa que a indefinición xurdida do acordo de Novi Sad permitía que a lingua literaria serbia se impuxese como única lingua de serbios e croatas.

Unha das consecuencias foi a aparición en 1971 dunha ortografía da lingua croata —e non da lingua croataserbia como era o imperativo do acordo de Novi Sad— que foi prohibida de inmediato e requisada. Cómpre dicir que as sucesivas edicións desa ortografía son a día de hoxe as normas oficiais da lingua croata.

5. Da disputa do léxico á «ruptura» definitiva

O acordo de Novi Sad, no punto quinto das súas conclusións, di o seguinte (tradución propia):

Para aproveitarmos a totalidade da riqueza léxica da nosa lingua e o seu pleno e total desenvolvemento é imprescindible realizarmos un dicionario de referencia da lingua literaria serbocroata actual. É por iso polo que cómpre apoiar a iniciativa da Matica Srpska que en conxunto coa Matica Hrvatska levarán adiante a súa realización.

E no punto sexto engádese:

A cuestión da elaboración dun terminoloxía común é tamén un problema que require unha solución urxente. Cómpre elaborar a terminoloxía para todos os eidos da economía, da ciencia e da vida cultural en xeral.

A cuestión do léxico presentaba o principal atranco para a realización dun corpus conxunto. Se o serbocroata ou croataserbio permitía dous alfabetos, dúas pronuncias e a groso modo permitía a igualdade das dúas variedades, insistía na elaboración dun corpus léxico conxunto, tendo presente que unha vez adoptado, habería un fomento do uso e evolución destas solucións.

Aínda que aparentemente se chegaba á consolidación da lingua, non está de máis lembrar o seguinte que, como indica Trudgill, «os criterios de “intelixibilidade” e outros criterios puramente lingüísticos, son, polo tanto, menos importantes no emprego dos termos lingua e dialecto do que son factores políticos e culturais, entre os que os máis importantes son autonomía e heteronomía». (Trudgill 1983: 15-16)

Como vimos no apartado anterior, a lingua croata comezou a se estandarizar ao abeiro no xa do Imperio Austro-Húngaro —onde o alemán e o húngaro tiñan a preponderancia de linguas da ciencia e cultura— senón tamén na veciñanza do rexurdimento doutras linguas eslavas, como o checo, o eslovaco e o esloveno.

Seguindo os modelos destas linguas veciñas (no sentido lingüístico e político xa que estaban todas ao abeiro do Imperio) o croata primou sempre cara a elaboración dun léxico técnico baseado no calco ou na recuperación de termos dialectais para novos conceptos —lembremos as catro variedades que tiñan produción literaria. No caso do serbio, polo contra, a independencia política por unha banda e as linguas de entrada dos avances técnicos pola outra, fixeran que a adaptación de voces estranxeiras fose a tendencia aceptada para a elaboración do léxico técnico.

Cando a declaración do 67 denuncia o peso da lingua literaria serbia (e lembremos que aínda non aparecera o dicionario conxunto), podemos intuír que debi-

do ao peso demográfico de Serbia e a que a capital do estado estaba en Belgrado, o léxico e a pronuncia serbia (alén doutras cuestións gramaticais) penetraban profundamente no croata e que realmente o serbocroata fose a máscara para a introdución da lingua serbia como *prima inter pares* en Iugoslavia. Incluírmos Iugoslavia aquí é importante xa que o serbocroata non era a lingua oficial de Eslovenia e Macedonia pero si era a lingua «común» e de uso na diplomacia e no exército. A denuncia, polo tanto, do 67 presentaba as reminiscencias da prohibición en 1931 da ortografía croata no Reino de Iugoslavia e anticipaba en dúas décadas un memorando publicado en Belgrado en 1986 pola Academia das Ciencias e das Artes de Serbia no que se denunciaba que os serbios que vivían noutras repúblicas non podían empregar a súa lingua e alfabeto.

As consecuencias do movemento político que iniciou esta declaración foron moi variadas, incluíndo importantes mudanzas constitucionais pero non tivo ningunha incidencia na cuestión lingüística, é dicir, non houbo de xeito oficial permissividade cara os estándares separados —ou dito doutro xeito, seguiron vixentes os principios do acordo de Novi Sad— especialmente a nivel educativo.

A cuestión que deberíamos ter presente é se o conflito lingüístico foi o fornecedor da identidade cultural diferenciada ou se pola outra parte foi a bandeira e non o fondo da mesma. O certo é que as cuestións lingüísticas sempre foron —falsamente, no noso parecer— presentadas coma un resultado da división ocasionada pola guerra dos anos 90. O certo é que nin en Croacia nin en Serbia se viron nin se sentiron importantes mudanzas no eido lingüístico tras a separación ou se así foi o caso, estas foron tanto dunha beira como da outra. O certo é que tanto a constitución croata de 1991 como a constitución serbia de 2006 simplemente afondan na noción dunha lingua de seu cunha tradición de seu diferente mais non por iso non intelixíbeis entre si.

6. Linguas diferentes, traducións diferentes ou estados diferentes, traducións diferentes?

A desaparición práctica do serbocroata levou á aparición dunha política de tradución diferente á previa á guerra. Non pretendemos analizar aquí a política «interna» de tradución senón a implicación que ten de cara a fóra, intentando explicar cun exemplo práctico, sinxelo e clarificador.

Ao collermos en calquera supermercado o envase dun produto calquera, que teña distribución non só en tódolos países da ex Iugoslavia senón por extensión en todo o «leste» de Europa, atoparemos un etiquetado multilingüe no que, na descrición dos ingredientes, se han distinguir as distintas linguas ben mediante o uso de bandeira, ben mediante o uso dos indicativos internacionais dos estados. Esta tendencia é cada vez máis común especialmente entre os produtos producidos en países da ex Iugoslavia na que, moi rara vez, aparecen as linguas pola súa denominación, tendo preferencia —como dixemos— o indicativo nacional. Para ilustrar un exemplo: nun paquete de comida infantil producido en Croacia, os ingredientes e máis as indicacións de preparación aparecerán redactadas baixo os indicativos HR, BiH, SRB, MNE, MK, SLO, GB para croata, bosnio, serbio,

montenegrino, macedonio, esloveno e inglés. Outro exemplo ilustrativo: un paquete de flocos de millo dunha empresa británica presentará as bandeiras dos países en cada lingua na que están traducidos os ingredientes do produto.

Son diferentes as traducións (breves, abofé) entre as linguas indicadas por HR, BiH, SRB e MNE? Son, máis ou menos diferentes, do mesmo xeito que o etiquetado é diferente. O curioso, porén, é que en case a totalidade dos casos, estas traducións aparecerán en pares: HR e BiH xuntos por unha banda e SRB e MNE por outra.

Esta separación é cando menos curiosa. Por unha banda continúa a «dicotomía» *serbo-croata*, presentándoas de xeito separado pero pola outra crea unha asociación extralingüística ao engadir o bosnio ao croata e o montenegrino ao serbio sen que exista (en maior ou menor grao) unha simbiose entre os estándares destas catro linguas. As diferenzas nalgún nivel (fonético no caso do montenegrino, léxico no caso do bosnio) son verdadeiramente importantes, tanto como entre o croata e o serbio.

Este tipo de prácticas implica, no noso parecer, unha concienciación metalingüística moi forte nos usuarios, que marcou unha importante axenda política dende as guerras dos 90. Como exemplo, inclúo unha serie de extractos dun artigo xornalístico verbo da subtitulación do filme *A lista de Schindler* emitido na televisión pública croata o 27 de xaneiro de 2007 e publicado o 30 dese mesmo mes:¹

A emisión do esperado e coñecido filme do oscarizado director Steven Spielberg, «A lista de Schindler» o pasado venres anoxou fondamente a moitos dos espectadores da canle nacional HTV por un motivo comprensíbel. O motivo, claro e conciso, foi a tradución, que para a HTV debería ser vergonzosa inaceptábel, por estar inzada de serbismos.

Nun filme de algo máis de tres hora, púidose ler nos subtítulos da pequena pantalla de todo, incluídas as seguintes palabras (...) [inserta media ducia de termos, sen incluír unha tradución ao croata ou unha explicación do significado]

«Somos conscientes de que a tradución non foi responsabilidade nosa como debe ser. (...) Nós recibimos a copia para a emisión coa tradución xa incluída e tiñamos informado á distribuidora de que a tradución non fora corrixida atendendo ás normas croatas, pero eles mesmos, atendendo a malos exemplos de tradución noutros países, insistiron na validez da súa tradución. (...) indicou» como pretexto o portavoz da HRT Janos [sic] Römer.

Despois disto preguntámonos se: se foi así, por qué antes da emisión da película ningún dos locutores da HTV diante da cámara explicou aos espectadores o fondo da tradución que os esperaba. De o faceren, certamente teríanos anoxado menos: os espectadores estarían afectados só polo contido dese demoledor filme e non estarían todo o venres ao serán enervados diante das súas pequenas pantallas cun programa da televisión que teñen que pagar cos seus impostos.

O artigo non foi publicado nun «tabloide» croata senón nun xornal de información xeral de tendencia conservadora e de importante difusión a nivel nacional.

1. Publicado no *Večernji List*, 30/1/2007 e asinado por Božena Matijević. Tradución propia.

Tal vez o que máis sorprenda é o estilo directo e pouco conciliador e certamente algo esaxerado, ao equiparar a indignación do espectador ante o contido do filme e o subtítulado, pero deixa patente que o concepto de lingua como vehículo de identidade e de tradución como elemento creador e normalizador da lingua están moi presentes nun artigo de hai 6 anos.

Esta reacción mostra que, no tocante á lingua, Croacia presenta unha serie de elementos máis recoñecíbeis no caso dunha lingua «minorizada» ca no caso dunha lingua plenamente «normalizada» (e incluso quizais normativizada). É dicir, sería máis doado ler un artigo desas características sobre unha emisión na TVG ca na TVE.

Esta situación e a identificación de lingua con estado e pobo non é estática e tenderá a unha evolución pero deixa ás claras por unha parte que existe unha consciencia por parte dos falantes de teren unha lingua de seu e que elementos alleos ao estándar croata (aínda que claramente comprensíbeis como indirectamente se mostra no artigo) non teñen cabida na expresión escrita en medios oficiais; pola outra mostra que o proceso de integración europea non ha ser, polo menos de xeito inmediato, un proceso de achega entre «distintas linguas cun estándar pasado común» xa que é un tema relevante e intimamente relacionado coa «independencia» política de Croacia. Agora ben, queda no aire unha pregunta: se a integración europea é un proceso de cesión de capacidades a un órgano superior, existe un cesión igual en elementos identitarios, neste caso, lingüísticos? Croacia pode ser un bo exemplo a analizarmos.

7. Conclusións

Aínda que dende o mesmo momento da desintegración de Iugoslavia moitos medios a empregasen como exemplo «tópico» das consecuencias do nacionalismo separatista e o uso da lingua como ferramenta afastadora estea moi presente nos medios xeralistas do Estado español, o proceso de desintegración de Iugoslavia non é nin simple nin moito menos exportábel, como tampouco o é a consolidación do croata como lingua de seu o exemplo de distanciamento político dun estándar común. O proceso histórico é moito máis fondo e máis dilatado do aquí exposto por consideramos que reflicte ben que o interese na creación ben dunha «suposta» lingua común ou dunha «suposta» lingua propia vai alén do estritamente lingüístico.

O rebumbio que nalgúns eidos e nalgúns pareceres provoca que a aceptación do croata como lingua oficial da Unión Europea unha vez Croacia sexa membro de pleno dereito presentan varias achegas. Por unha banda os que consideran que de se unir nun futuro próximo Montenegro, Serbia e Bosnia e Hercegovina, a presenza de catro linguas oficias cunha existencia oficial tan breve é un gasto absurdo. Curiosamente, estas voces non adoitan atacar a que o danés e o sueco sexan linguas oficiais da Unión Europea probabelmente porque non exista neste caso unha noción de «estándar común» no pasado recente destes estados do norte de Europa. É aí onde entran unha serie de variábeis extralingüísticas que van alén do custo económico e entran na esfera da identidade política: eses debates tampouco nos son alleos na constante mención á «lingua común» dos españois.

A práctica europea é clara, especialmente nos recentes casos irlandés e maltes: a lingua oficial do estado pasa a ser lingua de pleno dereito da Unión Europea. Neste artigo desexábase presentar que a artificialidade e o consenso arredor do serbocroata non implicaba a non existencia previa e paralela dunha lingua croata de seu que, con certas características propias, confirma unha sorte de *Dachsprache* co serbio que servía de abeiro para as disputas nacionais dentro de Iugoslavia.

A necesidade de explicar a «existencia» dunha lingua só demostra que por motivos diversos se negaba a súa existencia. Que o croata sexa totalmente intelixíbel co serbio ou co bosnio ou co montenegrino non nega a súa existencia e pon de manifesto que en demasiadas ocasións o entendemento político e persoal non é so cuestión de canais de comunicación.

A entrada de Croacia (e probabelmente do resto das demais repúblicas iugoslavas nas que o serbocroata era a lingua maioritaria) presentará un novo desafío e un novo criterio para a Unión Europea: existe unha integración alén do económico, no que a «praticidade», como algúns a dan chamado, lingüística se impoña aos criterios identitarios? Ou pola outra, existe unha concepción de igualdade nos criterios de admisión no tema da lingua? Tal vez, a entrada de Croacia, empece a definir unha serie de cuestións de identidade común nesta Europa cada vez máis «economizada».

8. Bibliografía

- BROZOVIĆ, Dalibor (1992). *Serbo-Croatian as Pluricentric Language*. Berlín: Mouton de Gruyter.
- COMRIE, Bernard e CORBETT, Greville (1993). «*The Slavonic Languages*». Londres: Routledge.
- FRANOLIĆ, Branko e FODOR, István (ed.) (1983). *Language Reform, Vol. II*. Hamburgo: Buske Verlag.
- GOLDSTEIN, Ivo (1999). *Croatia. A History*. Londres: Hurts & Company.
- GRENBORG, Robert (2008). *Language and Identity in the Balkans*. Oxford: Oxford University Press.
- KAČIĆ, Miro (1995). *Croatian and Serbian. Delusions and Distortions*. Zagreb: Novi Most.
- KLOSS, Heinz (1978). *Die Entwicklung neuer germanischer Kultursprachen seit 1800*. Düsseldorf: Schwann.
- KORDIĆ, Snježana (1997). *Serbo-Croatian*. Múnich-Newcastle: Lincom Europa.
- JAHIĆ, Dzevad (1999). *Bosanski jezik u 100 pitanja i 100 odgovora*. Sarajevo: Linguos.
- OKUKA, Milos (1998). *Eine Sprache viele Erben. Sprachpolitik als Nationalisierungsinstrument in Ex-Jugoslawine*. Klagenfurt-Viena-Ljubliana-Sarajevo: Wieser Verlag.
- TRUDGILL, Peter (1987). *Sociolinguistics: an introduction to language and society*. Londres: Penguin Books.
- WEINREICH, Uriel (1974). *Languages in contact. Findings and problems*. A Haia: Mouton.